

Dona Susana Mariño Lorenzo, Secretaria acctal. do Concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 31 de xullo de 2023 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

5.- Cambio de uso dunha parte da parcela dotacional pública de sistema xeral de espazos libres SX-EL 0520 a dotacional público de sistema xeral de equipamento deportivo. (CIPUM de 26/07/2023)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Planificación Urbana e Mobilidade (CIPUM) do 26/07/2023, punto 3 da orde do día, relativo á proposta do concelleiro delegado de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de 20/07/2023, contida no expediente 2023/U032/000003, cúa parte expositiva se transcribe:

EXPEDIENTE: 2023/U032/000003
REXISTRO: 202300000004135 con entrada no concello o 07/07/2023
SOLICITANTE: Luciano Calvo Pumpido, presidente da Xunta Directiva do club Bergantiños F.C
PROMOTOR: Concello de Carballo
ASUNTO: Cambio de uso dunha parte da parcela dotacional pública de sistema xeral de espazos libres SX-EL 0520 a dotacional público de sistema xeral de equipamento deportivo. Aprobación.
SITUACIÓN: Rúa Bronce, Parque empresarial de Bértoa
REF. CAT.: 5571917NH2857S0001QL

ANTECEDENTES:

- O presidente da Xunta Directiva do Club de fútbol Bergantiños presenta no rexistro deste concello o 7 de xullo de 2023, núm. 202300000004135, un escrito no que expón a problemática existente en relación ás instalacións deportivas situadas na rúa Bronce do parque empresarial de Bértoa, de Carballo, que ven utilizando o club de fútbol que preside, o Bergantiños FC e as Escolas Luis Calvo:

- A falla de adaptación á normativa reguladora para a organización e desenvolvemento das competicións futbolísticas de Terceira, Segunda e Primeira Federación para a tempada 2023-2024.
- O uso intensivo das instalacións actuais debido á existencia de 28 equipos que agrupan 567 licenzas federativas.

En consecuencia, solicita que se adapte a superficie do terreo de xogo do campo de fútbol principal á normativa, co obxectivo de homologalo para a disputa das ditas competicións, e as construción dun novo campo de fútbol anexo aos xa existentes.

- Por Providencia do concelleiro delegado das áreas de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de data 07/07/2023 solicítase informe aos servizos técnicos municipais ao respecto da situación idónea de construción dun novo campo de fútbol anexo ás instalacións municipais existentes das Eiroas, propoñendo os terreos que se atopan na parcela lindeira ao sur destas, coa referencia catastral 5571917NH2857S0001QL, de titularidade municipal e que están clasificados polo Plan xeral de ordenación municipal coma solo urbano coa cualificación de Sistema Xeral de Espazos Libres (0520-SX-EL-Pb-ex).

OBXECTO:

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Os servizos técnicos e xurídicos municipais á vista da providencia do concelleiro delegado das áreas de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade de data 07/07/2023, e á vista do requirido, informan en data 19/07/2023, no que inclúen memoria e planos, o seguinte:

“As instalacións deportivas das Eiroas están situadas na rúa Bronce do parque empresarial de Bértoa, coincidindo coa parcela coa referencia catastral 5571916NH2857S0001GL. Estas están compostas de dous campos de fútbol: o principal denominado *As Eiroas* que linda coa rúa Bronce e outro anexo anterior cara o oeste denominado *Luis Calvo*.

Estes dous campos están delimitados ao norte polas instalacións do parque de bombeiros e punto limpo, ao sur por unha zona verde e un aparcadoiro de camións, ao leste pola rúa Bronce e ao oeste por terreos de titularidade particular no que existe un importante desnivel e que están clasificados polo PXOM como solo rústico.

A proposta do concelleiro da construción do novo campo de fútbol na parcela coa referencia catastral 5571917NH2857S0001QL, para optimizar as infraestruturas existentes nas instalacións existentes das Eiroas e os custos de mantemento, semella a única posible e executable nun prazo razoable.

En consecuencia, a construción dun novo campo de fútbol sobre terreos destinados actualmente a zona verde supón a nivel urbanístico o cambio de uso de terreos cualificados no PXOM como espazos libres a equipamento deportivo.

O plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Carballo aprobouse definitivamente por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG núm. 39 de 26-02-2016 e BOP núm. 38 de 26-02-2016). Trátase dun plan xeral adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG).

Segundo o PXOM os terreos necesarios para construír a nova instalación deportiva están clasificados como solo urbano consolidado coa cualificación de sistema xeral de espazos libres incluídos no SX-EL 0520. Este sistema xeral SX-EL 0520 ten actualmente unha superficie de 40.128,00 m² tras a aprobación definitiva da MP-08 do PXOM por Orde do 12 de xaneiro de 2022 da Conselleira de medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG Núm. 16 de 25/01/2022) e inscrición no ROTPG de 10/02/2022.

A superficie necesaria para implantar un novo terreo de xogo para o campo de fútbol co contorno necesario para realizar as actuacións de movementos de terras e instalacións complementarias estimouse en 10.830,00 m². Estes terreos cambiaranse de uso a sistema xeral de equipamento deportivo incluíndose no SX-EQ-D 0506 que engloba as instalacións deportivas existentes. Ademais propónse outro cambio de uso en sentido contrario, de equipamento deportivo a zona verde, que afecta a unha superficie de 2.231,00 m² situada ao oeste dos campos de fútbol existentes. Con estes cambios de uso as superficies resultantes para os dous elementos integrantes da estrutura xeral e orgánica do PXOM serían as seguintes:

- SX-EL 0520: 31,529,00 m².

- SX-EQ-D 0506: 31.842,00 m².

Conforme ao disposto no artigo 45.2 da *Lei do solo de Galicia* é posible cambiar o uso dotacional público de espazos libres a outro uso dotacional distinto (por maioría absoluta do Pleno Municipal) e sempre que se cumpran as condicións establecidas neste artigo. Neste caso aplicaranse para a súa xustificación os estándares do artigo 42.1, xa que o cambio de uso afecta a terreos cualificados como sistema xeral, que despois do seu análise detallado no informe de data 19/07/2023 verifícase o cumprimento do mesmo: “

CAPAC. MÁXIMA	SX-EL		SX-EQ	
	SUP. NECESARIA	SUP.RESULT.	SUP. NECESARIA	SUP.RESULT.

RESIDENC.				
(m ² c) 4.880.996,97 m ² c	4.880.996,97 m ² c x 0,15 = 732.149,55 m²	733.361,97 m²	4.880.996,97 m ² c x 0,05 = 244.049,85 m²	450.665,95 m²

Logo de ver o exposto xunto co informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais asinado en data 19/07/2023, e sometido o asunto a votación, o Pleno municipal acorda:

PRIMEIRO.- Cambiar o uso da zona da parcela de titularidade municipal SX-EL 0520 de sistema xeral de espazos libres a sistema xeral de equipamento deportivo, de titularidade municipal, pasando a formar parte do SX-EQ-D 0506, de conformidade co que se describe na memoria e co grafitado nos planos que se achegan co informe técnico xurídico de data 19/07/2023

SEGUNDO.- Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Remitir o acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para os efectos da inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.

O alcalde